

BASES DA CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE **BOMBEIRO/A FORESTAL XEFE DE BRIGADA, EN AUSENCIA DE INTEGRANTES NAS LISTAS OFICIALES REGULADAS POLO DECRETO 5/2007 QUE MODIFICA O DECRETO 37/2006 DO 2 DE MARZO**

Co fin de elaborar unha lista de contratación temporal en cada un dos catro Departamentos Territoriais da Consellería do Medio Rural, e o abeiro do establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio Colectivo, o órgano de selección constituído ao efecto aprobou, na súa reunión do 25/06/2024 as seguintes bases da convocatoria que reixerá o proceso de selección polo trámite de urxencia.

I. Obxeto:

O obxecto destas bases é a regulación do procedemento para a elaboración dunhas listas de contratación coa finalidade de instrumentar a cobertura temporal de postos de traballo de **Bombeiro Forestal Xefe de Brigada** correspondentes á Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural, e que figuran como anexo II ao presente documento, no ámbito dos seus Departamentos Territoriais, cando no haxa persoas dispoñibles para seren chamadas nas listas reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo nos Distritos territoriais da provincia correspondente.

Os postos de traballo estarán ubicados en calquera dos distritos forestais de cada unha das provincias.

II. Vixencia das listas:

As listas elaboradas ó abeiro desta convocatoria terán unha vixencia efectiva ate que se incorporen novas as persoas as listas elaboradas polo Decreto 37/2006, momento no cal estas listas quedarán sen validez.

III. Modalidade de vinculación:

A cobertura dos postos formalizarase a través de contratos de traballo temporais ou de nomeamento de persoal funcionario interino, segundo o caso.

IV. Convocatoria, publicidade e presentación de solicitudes:





De conformidade co establecido no artigo 7 do V Convenio Colectivo Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, tras a formulación dunha oferta xenérica de carácter provincial ao Servizo Público de Emprego de Galicia, e a exposición desta convocatoria nos taboleiros de anuncios do Departamentos Territoriais da Consellería do Medio Rural, ao igual que na páxina web da Consellería do Medio Rural (<https://mediorural.xunta.gal/gl/recursos/anuncios>), as persoas que desexen participar neste proceso deberán cumprimentar e presentar debidamente cuberto o modelo de solicitude que figura como **Anexo I** a estas bases, **acompañado da documentación que alega segundo o establecido na base VI no prazo de cinco (5) días hábiles** a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería do Medio Rural e nos lugares indicados no paragrafo anterior.

O prazo para a presentación das solicitudes comezará o mesmo día da exposición destas bases nos taboleiros de anuncios anteriormente indicados, é rematará o **2 de xullo de 2024** (inclusive)

As solicitudes, deben dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural e presentaranse electronicamente podendo empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), a través da solicitude xenérica (código de procedemento PR004A).

Só poderá presentarse solicitude para unha única provincia, quedando excluídas as solicitudes nas que se opte por máis dunha.

V. Requisitos:

As persoas candidatas deberán reunir, tanto no día que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da súa contratación ou nomeamento, os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

- a) **Nacionalidade:** no caso de ocupar un posto de natureza laboral ter a nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito; así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes. Poderán participar tamén, os estranxeiros non incluídos nos





puntos anteriores e que teñan a residencia legal en España.

- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos.
- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado/a do servizo nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2.2. Requisitos específicos.

- a) Posuír a titulación de Técnico superior en xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar un documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- b) Carne de conducir B.
- c) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o Celga 4. Así mesmo poderase acreditar por calquera outro título equivalente ao anterior debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

VI. Documentación:

Os/as aspirantes, no prazo sinalado na base IV da presente convocatoria, deberán presentar o modelo de solicitude (**Anexo I**) e anexo de acreditación de méritos (**Anexo II**) que acompañan estas bases debidamente cumprimentados, así como a seguinte documentación acreditativa dos requisitos que deben cumprir:

1. Fotocopia da titulación académica
2. Fotocopia do carné de conducir e do DNI
3. Fotocopia do diploma ou certificado que acredite o grao de coñecemento do idioma galego.
4. Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos alegados, segundo o baremo que se establece na base VII. Os méritos que no se xustifiquen non serán tidos en consideración
5. Certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde segundo se establece na base VIII.





*** Na instancia deberá figurar obrigatoriamente un teléfono de contacto.**

VII. Méritos:

De conformidade co establecido no artigo 7 do V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, na selección aplicarase o baremo que figura como Anexo III de dito Convenio, os méritos serán tidos en conta ata a data de publicación da presente convocatoria, segundo o establecido na base IV:

1. Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.
2. Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.
3. Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación dos puntos 1), 2) e 3) non poderá exceder de 5 puntos.

4. Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Inem, dirección xeral de formación ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establezan na convocatoria:

Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos.

Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas : 0,2 puntos.

Cursos de 75 horas ou mais:0,3 puntos.

5. Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso

En grao de iniciación/celga 3: 0,50 puntos.

En grao de perfeccionamento/celga 4: 0,75 puntos.

Outros de grao superior ao anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia Lingüística da Xunta de Galicia.





6. En caso de empate, de conformidade co disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en Materia de Igualdade, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos xéneros existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home. E como segundo criterio de desempate, estarase á letra establecida pola resolución do ano en curso pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a letra correspondente para o ano 2024 a "H" .

VIII. Probas físicas:

As persoas aspirantes, para poder ser contratadas, deberán superar previamente a proba de aptitude física consistente en:

Proba física Field Test, consistente en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 11 kg ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos.

Co carácter previo á realización da proba, as persoas integrantes das listas deberán ter achegado o certificado médico oficial ou informe sobre o seu estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, no cal se faga constar que non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. O dito certificado deberá ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba. Non se terán en conta certificados médicos que non recollan o sinalado anteriormente.

A data de realización da proba física e o lugar anunciarase na páxina web da Consellería do Medio Rural e nos mesmos lugares que se anunciaron estas bases.

IX. Elaboración das listas:

Rematado o período de presentación de solicitudes, o órgano de selección aprobará as listas provisionais de admitidos -coa puntuación obtida- e a de excluídos, que serán expostas segundo se establece na base IV. Na lista de excluídos farase referencia as causas que motivaron a exclusión dos candidatos.

O prazo de alegacións ás listas provisionais será de 5 días hábiles a contar a partir da data da súa publicación.

Unha vez estudadas as alegacións presentadas, e rematada a realización das probas físicas, o órgano de selección aprobará as listas definitivas, que serán expostas





segundo se establece na base IV e as elevará ao titular do Departamento Territorial correspondente para que proceda aos chamamentos cando sexa necesario.

X. Chamamentos:

Os chamamentos dos candidatos para a cobertura de postos de traballo a través da lista definitiva elaborada o abeiro desta convocatoria, os levará a cabo o Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural que corresponda tras verificar a ausencia de candidatos dispoñibles nas listas oficiais reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Os ditos chamamentos e a súa xestión faranse de acordo co establecido no artigo 14 (chamamento telefónico) do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

XI. Recursos:

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un (1) mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

XII. Datos de carácter persoal.

Os datos de carácter persoal das persoas candidatas serán tratados coa finalidade de xestión xeral de recursos humanos, segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións que resulten de aplicación.

A base xurídica do tratamento xustifícase no artigo 6.1 do RXP, apartados b), c) e e).

Os datos serán conservados mentres sexan necesarios para a consecución das referidas finalidades, para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar destas e do tratamento dos datos e, en todo caso, durante os prazos





establecidos pola lexislación vixente.

A secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural é a responsable do tratamento dos datos. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. En caso de incumprimento da responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

XIII. Disposición final.

A participación neste proceso selectivo por parte da persoa candidata supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Santiago de Compostela (asinado dixitalmente ao marxe)
O Secretario Xeral Técnico
Jorge Atán Castro





ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA A COBERTURA DE POSTOS VINCULADOS AO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

(Datos da persoa solicitante cando é unha persoa física)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes na Consellería do Medio Rural e ao tratamento dos mesmos.

A PERSOA SOLICITANTE OPTA Á COBERTURA TEMPORAL DOS POSTOS DE BOMBEIRO FORESTAL XEFE/A DE BRIGADA DA PROVINCIA DE: (quedarán excluídas as solicitudes que marquen máis dunha provincia)

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Copia do D.N.I
- Copia do título Celga 4 ou equivalente.
- Copia das titulacións requiridas:
 -
 -
 -
 -
- OUTRA (MÉRITOS):
 -
 -
- CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL OU INFORME DE SAÚDE (base VIII)
 -

Fago constar que a presente documentación consta de __ folios, numerados correlativamente do 1 ao __.

Lugar e data:
Sinatura

Asdo.:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL





ANEXO II

Relación de prazas a cubrir:

Provincia	Distrito	Código	Grupo/categoría – Corpo/escala
A Coruña	2	MRC995002115090036	C1 209U
A Coruña	2	MRC995002115090057	C1 209U
A Coruña	2	MRC995002115090202	III.100.
A Coruña	2	MRC995002215170057	C1 209U
A Coruña	3	MRC995003215060038	C1 209U
A Coruña	4	MRC995004115560036	C1 209U
A Coruña	4	MRC995004115560201	III.100.
Lugo	6	MRC995006127650201	III.100.
Ourense	15	MRC995015132060079	C1 209U
Pontevedra	16	MRC995016136240201	III.100.
Pontevedra	18	MRC995018236530200	III.100.

